

PRESENTACIÓN

Como todos os anos, e chegadas estas datas do mes de xuño, ao inicio da época estival e como se dun ritual se tratase, imos presentar un novo exemplar da nosa revista local Cátedra.

Compoñen este novo número un bo feixe de traballos de interese para o coñecemento do pasado e presente eumés e da comarca. Os temas de investigación son moi variados e como sucede habitualmente de gran interese todos eles.

Quixera comunicarlles a todas e todos os seguidores da revista que antes de rematar este ano, e atendendo ao interese que esperta cada vez máis a nosa revista e co animo de dala a coñecer en calquera parte do mundo, imos poder consultar os seus artigos por medio de Internet e a través da páxina web do Concello.

Remato co meu agradecemento a aquelas e aqueles que fan posíbel que esta revista saia a diante ano tras ano, descubrindo por medio das súas investigacións novos datos e coñecementos de interese para a nosa Vila e por extensión para toda Galicia.

Noraboa a todas e todos

Gabriel Torrente Piñeiro
Alcalde de Pontedeume